

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

Contido
Páxina

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	11
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a evaluación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	16
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e evaluación das programacións didácticas	16
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	17
n) O procedemento para a revisión, evaluación e modificación da concreción curricular	17
o) Outros apartados	17

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

1. Educación Infantil

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión de acordo a un modelo baseado no plurilingüismo inclusivo e na ecoloxía das linguas.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo, pondo en valor o patrimonio cultural inmaterial galego e boqueixonés.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia e de Boqueixón, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega e boqueixonesa.

1. Educación Primaria

A educación primaria é unha etapa que comprende seis cursos académicos e ten carácter obligatorio e gratuito. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado desde unha perspectiva global e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas, con especial aprecio pola propia, e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, clase social, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, disparidade funcional ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá, desenvolvendo hábitos de lectura e partindo dun modelo alicerzado no plurilingüismo inclusivo e na promoción de principios axiolóxicos vencellados á preservación da diversidade lingüística e cultural galega e mundial.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás, levando en conta os valores culturais, sociais e económicos do contexto rural no que se insire o centro.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura propias de Boqueixón e Galicia.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas. Coñecer a vida e a obra de artistas galegos/as e boquexoineses/as consagrados/as e iniciarse na construcción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e costumeiros no concello de Boqueixón, e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas,

racistas, clasistas, transfóbicos e glotofóbicos.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia e Boqueixón, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

1. ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria está organizada en 4 cursos, contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal e social.

c) Valorar, cuestionar e problematizar o proceso de construcción socio-cultural de xénero e os estereotipos sexistas, promover novos modelos de masculinidade, desenvolver iniciativas educativas feministas para a prevención da violencia machista, incorporar as achegas do movemento feminista e a dignificación do saber das mulleres ao longo da historia, desenvolver unha formación afectivo-sexual baseada no consenso e formar á comunidade educativa no ámbito da igualdade de xénero.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacóns coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e assumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, no marco dun plurilingüismo inclusivo, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura boqueixonesa e galega. Analizar e comprender críticamente o contexto diglósico galego, a partir da ecoloxía lingüística, desenvolvendo unha conciencia cívica promotora do recoñecemento e defensa da diversidade lingüística e cultural galega, ibérica e mundial.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada, analizando criticamente o papel das linguas francas nos procesos de asimilación cultural e coñecendo alternativas respectuosas co coidado e protección da diversidade como o sesquilingüismo.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural boqueixonés e galego.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, propias de Boqueixón e da Galiza, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Boqueixón e Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como derecho dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste derecho.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta na que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

O perfil de saída é único e o mesmo para todo o territorio do Estado. É a pedra angular de todo o currículo, a matriz que cohesiona e cara a onde converxen os obxectivos das distintas etapas que constitúen o ensino básico. Concíbese, polo tanto, como o elemento que debe fundamentar as decisíons curriculares, así como as estratexias e as orientacións metodolóxicas na práctica lectiva. Debe ser, ademais, o fundamento da aprendizaxe permanente e o referente da avaliación interna e externa das aprendizaxes do alumnado, en particular no relativo á toma de decisíons sobre promoción entre os distintos cursos, así como á obtención do título de graduado en educación secundaria obligatoria.

O perfil de saída parte dunha visión á vez estrutural e funcional das competencias clave, cuxa adquisición por parte do alumnado se considera indispensable para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacíons e problemas dos distintos ámbitos da súa vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e facilitar e desenvolver a súa inserción e participación activa na sociedade e no coidado das persoas, da contorna natural e do planeta. Garántese así a consecución do dobre obxectivo de formación persoal e de socialización previsto para o ensino básico no artigo 4.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), co fin de dotar a cada alumna ou alumno das ferramentas imprescindibles para que desenvolva un proxecto de vida persoal, social e profesional satisfactorio. Este proxecto constitúese como o elemento articulador das diversas aprendizaxes que lle permitirán afrontar con éxito os desafíos e os retos aos que terá que enfrentarse para levalo a cabo.

O referente de partida para definir as competencias clave recollidas no perfil de saída foi a Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. A ancoraxe do perfil de saída á Recomendación do Consello reforza o compromiso do sistema educativo galego co obxectivo de adoptar unhas referencias comúns que fortalezan a cohesión entre os sistemas educativos da Unión Europea e faciliten que a súa cidadanía, se así o considera, poida estudar e traballar ao longo da súa vida tanto no seu propio país como noutros países da súa contorna.

No perfil, as competencias clave da Recomendación europea vincúlanse cos principais retos e desafíos globais do século XXI aos que o alumnado vai verse confrontado e ante os que necesitará desenvolver esas mesmas competencias clave. Do mesmo xeito, incorporáronse tamén os retos recollidos no documento Key Drivers of Curricula Change in the 21st Century da Oficina Internaciona- nal de Educación da UNESCO, así como os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en setembro de 2015.

A vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao achegar a escola a situacíons, cuestíons e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacíons de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérerse garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos aos que deberá fazer fronte ao longo da súa vida:

- Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do medio ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.
- Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusíons sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.
- Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.
- Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacíons de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.
- Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.
- Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.
- Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas más creativas, aprendendo a manexar a

ansiedade que pode levar aparellada.

- Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.
- Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
- Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexúzos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

1. Educación Infantil

A práctica educativa nesta etapa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno. Ademais, deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro.

A dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrínsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas. Así mesmo, velarase por garantir desde o primeiro contacto unha transición positiva desde a contorna familiar á escolar, así como a continuidade entre ciclos e entre etapas.

O centro docente fomentará o desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia, que definen a Convención sobre os dereitos do neno e as observacións xerais do seu comité.

De igual modo, sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria, poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas,

nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical, e en calquera outra que a consellería con competencias en materia de educación determine.

Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos materiais educativos.

Atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluirá a educación en valores.

Así mesmo, incluiranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.

Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquieran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

2. Educación Primaria

Na educación primaria poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, pres- tarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

3. Educación Secundaria

Para a adquisición das competencias e o logro dos obxectivos definidos nos puntos anteriores haberá que tomar unha serie de puntos de partida que terán en conta: a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas, e por outro lado, tomando medidas non curriculares relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción titorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc.

A metodoloxía empregada por cada docente, partindo da liberdade de cátedra individual, terá en consideración o fomento do uso das novas tecnoloxías e da aprendizaxe práctica dos contidos.

Para o primeiro, promoverase o uso da aula virtual e da procura de información na rede, como instrumento de formación no manexo das novas tecnoloxías de xeito autónomo.

Para o segundo animarase ao alumnado a que faga procuras por si mesmo, tanto co uso de fontes bibliográficas, como, sobre todo, co uso de fontes existentes en Internet.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O criterio fundamental para a selección de materiais e recursos didácticos é que estes serán variados e en concordancia coa idade e nivel do alumnado correspondente.

Entre os materiais haberá tanto os de soporte papel de uso individual: libros de texto, fotocopias, cadernos, libros de lectura, etc.

Como tamén, os de soporte dixital, de uso individual (ordenadores, lapis de memoria, etc), ou colectivo (canón de proxección).

En cada aula o alumnado disporá de, polo menos, un canón e un ordenador con conexión a internet; asemade, na biblioteca poderanse consultar as fontes bibliográficas existentes no catálogo de libros, como tamén manexar ordenadores para procura e/ou consulta de información.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**INFANTIL**

O horario escolar no segundo ciclo de educación infantil organizaranse dende un enfoque globalizador e incluirá propostas de aprendizaxe que permitan alternar diferentes tipos e ritmos de actividade, con períodos de xogo e descanso en función das necesidades do alumnado.

Os períodos lectivos organizaranse baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas, de maneira que o horario este sempre ao servicio da metodoxía. En el desarrollo da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, tendo en conta as 3 áreas curriculares:

- Comunicación y Representación de la Realidad.
- Crecimiento en Armonía.
- Descubrimiento y Exploración del Entorno.

Materia optativa:

- Relixión
- Proxecto competencial

Total 25

PRIMARIA

Curso 1º Períodos lectivos

1º Ciencias da Natureza 3

1º Ciencias Sociais 2

1º Educación Física 2

1º Educación Plástica e Visual 1

1º Lingua Castelá e Literatura 4

1º Lingua Estranxeira 2

1º Lingua Galega e Literatura 4

1º Matemáticas 5

1º Música e Danza 1

1º Relixión/Proxecto Competencial 1

Total 25

Curso 2º Períodos lectivos

2º Ciencias da Natureza 2

2º Ciencias Sociais 2

2º Educación Física 2

2º Educación Plástica e Visual 1

2º Lingua Castelá e Literatura 4

2º Lingua Estranxeira 2

2º Lingua Galega e Literatura 4

2º Matemáticas 5

2º Música e Danza 1

2º Relixión/Proxecto Competencial 1

Total 2º 25

Curso 3º Períodos lectivos

3º Ciencias da Natureza 3

3º Ciencias Sociais 2

3º Educación Física 2

3º Educación Plástica e Visual 1

3º Lingua Castelá e Literatura 4

3º Lingua Estranxeira 3

3º Lingua Galega e Literatura 4

3º Matemáticas 4

3º Música e Danza 1

3º Relixión/Proxecto Competencial 1

Total 3º 25

Curso 4º Períodos lectivos

4º Ciencias da Natureza 2
4º Ciencias Sociais 3
4º Educación Física 2
4º Educación Plástica e Visual 1
4º Lingua Castelá e Literatura 4
4º Lingua Estranxeira 3
4º Lingua Galega e Literatura 4
4º Matemáticas 4
4º Música e Danza 1
4º Relixión/Proxecto Competencial 1
Total 4º 25

Curso 5º Períodos lectivos

5º Ciencias da Natureza 3
5º Ciencias Sociais 2
5º Educación Física 2
5º Educación Plástica e Visual 1
5º Lingua Castelá e Literatura 4
5º Lingua Estranxeira 3
5º Lingua Galega e Literatura 4
5º Matemáticas 4
5º Música e Danza 1
5º Relixión/Proxecto Competencial 1
Total 5º 25

Curso 6º Períodos lectivos

6º Ciencias da Natureza 2
6º Ciencias Sociais 3
6º Educación Física 2
6º Educación Plástica e Visual 1
6º Lingua Castelá e Literatura 3
6º Lingua Estranxeira 3
6º Lingua Galega e Literatura 3
6º Matemáticas 5
6º Música e Danza 1
6º Relixión/Proxecto Competencial 1
6º Afondamento 1
Total 6º 25

1º ESO**MATERIAS COMÚNS**

Matemáticas: 4 horas semais
Lingua Galega e Literatura: 3 horas semanais
Lingua Castelá e Literatura: 4 horas semanais
Lingua Estranxeira Inglés: 3 horas semanais
Tecnoloxía e Dixitalización: 3 horas semanais
Bioloxía e Xeoloxía: 4 horas semanais
Xeografía e Historia: 3 horas semanais
Segunda Lingua Estranxeira Francés: 2 horas semanais
Educación Plástica, Visual e Audiovisual: 2 horas semanais
Educación Física: 2 horas semanais.
Relixión/proxecto competencia: 1 hora semanal

2º ESO

Matemáticas: 4 horas semanais
Lingua Galega e Literatura: 3 horas semanais
Lingua Castelá e Literatura: 3 horas semanais

Primeira Lingua Estranxeira Inglés: 3 horas semanais
Xeografía e Historia: 3 horas semanais.
Física e Química: 3 horas semanais. Lingua castelá
Segunda Lingua Estranxeira Francés: 3 horas semanais
Educación Física: 2 horas semanais.
Música: 3 horas semanais.
Tecnoloxía e Dixitalización: 3 horas semanais
Relixión/Proxecto Comeptencial: 1 hora semanal.

3º ESO

MATERIAS COMÚNS

Lingua Galega e Literatura: 3 horas semanais
Lingua Castelá e Literatura: 3 horas semanais
Lingua Estranxeira Inglés: 3 horas semanais
Bioloxía e Xeoloxía: 2 horas semanais
Xeografía e Historia: 3 horas semanais
Educación Plástica, Visual e Audiovisual: 2 horas semanais
Educación en Valores Cívicos e Éticos: 1 hora semanal
Música: 2 horas semanais

Matemáticas: 4 horas semanais

Física e Química: 2 horas semanais

Educación Física: 2 horas semanais

Relixión/proxecto competencial: 1 hora semanal

MATERIAS OPTATIVAS AUTONÓMICAS

Segunda Lingua Estranxeira Francés: 3 horas semanais
Educación Dixital: 3 horas semanais

4º ESO

Lingua Galega e Literatura: 3 horas semanais
Lingua Castelá e Literatura: 3 horas semanais
Primeira Lingua Estranxeira Inglés: 3 horas semanais
Xeografía e Historia: 3 horas semanais

Matemáticas A / B: 4 horas semanais.

Educación Física: 2 horas semanais

Relixión/Valores Éticos: 1 hora semanal

MATERIAS DE OPCIÓN

Física e Química: 3 horas semanais

Bioloxía e Xeoloxía: 3 horas semanais

Tecnoloxía: 3 horas semanais

Dixitalización: 3 horas semanais

Música: 3 horas semanais

Educación Plástica, Visual e Audiovisual: 3 horas semanais

Latín: 3 horas semanais

Economía: 3 horas semanais.

Formación e Orientación Persoal e Profesional: 3 horas semanais

Segunda Lingua Estranxeira Francés: 3 horas semanais

CRITERIOS DE CONSTITUCIÓN DE GRUPOS EN MATERIAS OPTATIVAS DA ESO

Obtención, na matrícula do mes de xuño, dun mínimo de 5 alumnos ou alumna.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias son aquellas que se desenvolven dentro do horario lectivo.

Polo tanto son de asistencia obligatoria para o alumnado, sempre e cando non supoñan ningún custo adicional para eles.

A súa organización rexerase polo principio de distribución equilibrada ao longo do curso para cada curso e/ou nivel educativo, de tal xeito que non se sobrecargue un trimestre ou curso/nivel respecto aos demais.

Cada departamento, baixo a coordinación do de extraescolares, planificará ao comezo de curso o programa de

actividades complementarias a desenvolver. Estas actividades estarán relacionadas co currículo do curso/nivel ao que vaian dirixidas, polo tanto adecuaranse ao recollido nas respectivas programacións didácticas.
Para favorecer o desenvolvemento das actividades promoverase a súa interdisciplinaridade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, que será quen coordine e recolla a documentación. Este plan terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O titor/a enviará ás familias un documento que acredite a información ás mesmas (elaborado polo DO) e posteriormente, cada profesor/a por abalar, comunicará a ditas familias o xeito en que vai a ser avaliado o alumnado.

Os puntos a recoller nestes plans serán:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

A elaboración destes plans realizaranse cos datos proporcionados nas sesións de avaliacións inicial e os datos de consellos orientadores e expedientes académicos que se poderán obter na aula virtual de datos de grupos

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránse os axustes que proceda (nas actas de avaliación debería aparecer unha indicación de como se desenvolve o plan de reforzo e que axustes houbo que facer no mesmo, se procede)

Na sesión de avaliación final do curso a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. Para superar a materia pendente hai que obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O profesorado titor será quen coordine e recolla a documentación. O equipo docente velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O titor/a enviará ás familias un documento que acredite a información ás mesmas.

Os puntos a recoller nestes plans serán:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia

A elaboración destes plans realizaranse cos datos proporcionados nas sesións de avaliacións inicial e os datos de consellos orientadores e expedientes académicos que se poderán obter na aula virtual de datos de grupos

Terán acceso a estes plans o titor ou tutora e os membros do equipo docente

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Os criterios siguen a ORDE de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bachillerato no sistema educativo de Galicia INFANTIL

A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situaciones de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

O equipo docente, coordinado pola tutora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

PRIMARIA

1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Os criterios de cualificación para todos os grupos dos distintos niveis, son os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1º E 2º EP: TRABALLO AULA + TAREFAS + CONTROIS

3º E 4º EP: TRABALLO AULA + TAREFAS + CONTROIS

5º E 6º EP: TRABALLO AULA + TAREFAS + CONTROIS

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A continuación, segue a listaxe cos instrumentos de avaliación. Folla de cualificacións

Probas escritas Probas orais

Actividades de clase

Caderno de traballo ou libreta Fichas fotocopiabiles Traballos persoais

Respostas e intervencións na aula Observación directa e continuada.

3. PROMOCIÓN

Finalizados os cursos de segundo, cuarto e sexto da etapa EP, o equipo docente de cada grupo na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción ou non do alumnado. Tal decisión, tomarase de xeito colexiado seguindo os criterios de promoción e tendo en conta a información do profesorado titor. Nos cursos impares da etapa, a promoción será automática.

O alumnado accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que teña logrado a progresión adecuada nos obxectivos da etapa así coma un axeitado grao de adquisición nas competencias correspondentes.

4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA OS CURSOS 2º, 4º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- O alumnado promocionará de curso cando supere todas as materias.

- O alumnado promocionará de curso cando teña avaliación negativa en dúas áreas como máximo sempre e cando estas non sexan Matemáticas e unha Lingua (Castelá ou Galega)
- O alumnado promocionará áinda que non supere todas as áreas pero xa teña repetido una vez na etapa.
- O alumnado non promocionará cando teña avaliación negativa e tres ou máis áreas independentemente de cales sexan.
- Excepcionalmente poderá promocionar aquel alumnado con avaliación negativa en dúas ou tres áreas nas seguintes condicións:

- Dúas das áreas con avaliación negativa non sexan Matemáticas e unha Lingua (Galega ou Castelá)
- As áreas con avaliación negativa non impidan ao alumnado seguir con éxito o curso ou etapa seguinte, xa que existen expectativas favorables de recuperación e a promoción beneficia a evolución educativa do/da discente.

- Así mesmo, autorizarase de maneira excepcional a promoción do alumnado con avaliación negativa en dúas áreas , Matemáticas e una Lingua (Galega ou Castelá), sempre e cando o equipo docente considere obxectivamente que pode seguir con éxito o curso seguinte, xa que son quen de recuperar e a promoción beneficia a súa evolución educativa.

O alumnado que acade a promoción de curso con cualificación negativa nalgunha área, recibirá os apoios necesarios para alcanzar con éxito a recuperación nas aprendizaxes desa área do curso anterior.

O alumnado que non promocione, permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta decisión tomarase despois de ter esgotado todas as medidas ordinarias axeitadas, de apoio e reforzo, para atender as dificultades de aprendizaxe do alumnado. A repetición é unha medida excepcional e como tal , o equipo docente considerará que a permanencia un ano máis no mesmo curso é o máis axeitado para favorecer o seu desenvolvemento. Asimesmo, só se poderá tomar, esta medida, unha vez en toda a etapa ódios os/as pais/nais ou titulares legais do alumnado afectado.

Neste caso, o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que ao longo dese curso, o alumnado que non promociona poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

No caso do alumnado con Adaptación Curricular, os referentes de avaliación serán os expostos na Adaptación.

Dereito do alumnado á avaliación obxectiva.

Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación.

Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, establecense nas Normas de organización e funcionamento do centro as disposicións que garantan e facilten a comunicación entre o alumnado, as familias, as persoas docentes titoras, o resto do profesorado e os órganos de coordinación didáctica, coa finalidade de atender as incidencias que poidan xurdir ao longo do curso académico no proceso de valoración e avaliación da aprendizaxe de cada alumno e alumna. Así, desde o centro procederase a:

1) Incorporar ao proxecto educativo a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamiento transversal nas áreas, materias ou ámbitos da educación en valores e outras ensinanzas.

2) Informar ao alumnado e as familias, ao inicio de cada curso, acerca dos contidos e dos criterios de avaliación, das estratexias e dos instrumentos de avaliación, así como dos criterios de cualificación e promoción. Así, cada equipo docente ou departamento didáctico, ao comezo de cada do curso, informarán o alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas, materias ou ámbitos, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción e titulación.

3) Publicitar a información sobre a avaliación e os seus procesos para que sexa accesible a toda a comunidade educativa sendo esta incluída nas Normas de Organización e Funcionamento.

Dependendo da fase na que nos atopemos, o procedemento a seguir será o seguinte:

Se o obxectivo e OBTER ACLARACIÓN SOBRE O PROCESO DE APRENDIZAXE. A persoa docente titora e o profesorado das distintas áreas, materias e ámbitos manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal.

Se se presenta RECLAMACIÓN FORMAL:

Abranguerá únicamente as cualificacións finais ou a decisión de non promoción.

A solicitude, deberá conter cantas alegacións xustifiquen a desconformidade e será tramitada a través da xefatura de estudos, quen a trasladará ao equipo docente ou ao departamento didáctico responsable da área, materia ou ámbito con cuxa cualificación se manifesta o desacordo, e comunicará tal circunstancia á persoa docente titora.

No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, os membros do equipo docente ou do departamento didáctico contrastarán as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumno e alumna co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollerse no informe:

- a. Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b. Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c. Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d. A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.
Vista do informe elaborado polo equipo docente ou departamento didáctico e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro e aplicados ao alumno ou alumna, a xefatura de estudos e a persoa docente titora, como persoa coordinadora do proceso de avaliación, considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria o equipo docente co fin de que este, en función dos novos datos achegados ou pola solicitude das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, se for o caso, valore a necesidade de revisar as decisións adoptadas.

Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a DECISIÓN DE PROMOCIÓN OU TITULACIÓN adoptada para un alumno ou alumna, celebrarase unha reunión extraordinaria no prazo máximo de dous días lectivos, ou se for o caso hábiles, desde a finalización do período de solicitude de revisión. Na reunión revisarase o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas.

Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descripción de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou titulación dos alumnos e alumnas establecidos con carácter xeral na proposta curricular.

A dirección do centro comunicará por escrito ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.

Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, ou ben da decisión de promoción ou titulación adoptada, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.

Procedemento de reclamación ante as xefaturas territoriais

No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días hábiles, remitirá o expediente á xefatura territorial. O devandito expediente incorporará os informes elaborados no centro, copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno ou alumna, así como, se é o caso, as novas alegacións do reclamante e o informe, se procede, do director ou directora sobre estas.

O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

- a. Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b. Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c. Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d. Cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

O Servizo de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas áreas, materias ou ámbitos a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a xefatura territorial adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.

Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación. Cando, á vista da resolución

adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirse o equipo docente en sesión extraordinaria.

Exames.

O centro anticipará con tempo suficiente un calendario de exames para o alumnado desde e 1º a 6º de EP que garanta a non existencia de máis dun exame diario. As probas de cada materia, recollidas neste calendario, serán iguais para todo o alumnado do mesmo nivel, tendo sempre en conta as adaptacións metodolóxicas para o alumnado de NEAE ou con adaptacións curriculares.

O centro facilitará cambios de datas de exames a aquel alumnado que por razóns xustificadas non puidera realizarlos nas datas indicadas.

O exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

SECUNDARIA

1. AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e integradora.

Dentro do proceso de avaliação continua, cando o progreso do/a alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas poderán ser adoptadas en calquera momento do curso.

Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a práctica docente.

Como integradora, a avaliação terá en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída.

Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliação variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliação, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliação, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliação final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliação negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. Neste sentido, un alumno ou alumna non promocionará se ten simultaneamente suspensas as materias de Matemáticas, Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. Para este criterio teremos en conta unha media ponderada das materias que teña en conta o número de horas de cada materia. O alumnado poderá promocionar se esta media ponderada é igual ou superior a cinco.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. Para isto consideraremos o progreso do alumno ou alumna durante o curso.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

3. CRITERIOS DE TITULACIÓN.

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.

Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obligatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursa-dos.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. Para avaliar a consecución das competencias terase en conta a presencia de cada competencia nas diferentes materias e a nota acadadada en cada unha delas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcance os obxectivos da etapa. Para avaliar a adquisición dos obxectivos da etapa terase en conta que estes obxectivos aparecen en todas as materias e todas as materias contribúen á consecución dos mesmos, así que se fará unha media ponderada. O alumnado poderá titularse esta media ponderada é igual ou superior a cinco.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

PRIMARIA

Segundo o artigo 5 da Orde de avaliación do 9 de xuño de 2016 os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaínte ao rematar a Educación Primaria nunha área ou en varias, e que demostren un rendemento académico excelente.

A concreción desta concesión no noso centro atende aos seguintes criterios:

A Mención honorífica será concedida ao alumnado con nota media igual ou superior a 9,5.

A decisión sobre o outorgamento da Mención Honorífica será tomada de forma unánime polo equipo docente de 6º curso de E.P.

SECUNDARIA

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a men-ción de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro más próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obligatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha men-ción de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán os seguintes:

- a) A matrícula outorgarase á nota media superior en 4º de ESO.
- b) En caso de empate farase unha nota media ponderada tendo en conta a carga horaria de cada materia.
- c) En caso de empate terase en conta a media da ESO.
- d) En caso de continuar o empate a matrícula decidirase por medio dun sorteо.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obligatoria e bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas incluirán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia ou ámbito, segundo o caso, e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa

secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

Concrecións metodolóxicas.

Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

Procedemento para a avaliación inicial.

Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

Concreción dos elementos transversais. Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Dende o centro se difundirá o inicio de periodo de solicitudes e inscripción aos diferentes programas, plans e proxectos dos que se teña coñecemento e especialmente os vinculados ca Consellería de Cultura, Educación e Universidade, outras administracións educativas, organismos de carácter público así como administracións, ONG e institucións da contorna. Se favorecerá tamén e se dará apoio e colaboración aos diferentes departamentos e coordinacións que desexen participar en algúns de estes programas, proxectos e plans.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Esta concreción curricular será revisada e avaliada ao finalizar o curso por parte da Comisión de Coordinación Pedagógica, que procederá logo a trasladar ao claustro aquelas medidas de mellora ou modificacións para que este proceda á súa aprobación.

A comezos de cada curso será sometida a votación en claustro e posta logo en coñecemento do Consello Escolar, así como tamén, a través da páxina en internet do centro, do alumnado e das súas familias.

o) Outros apartados

1. Non hai

Non hai outros apartados.